

UN SEGURO DE SAÚDE DESEÑADO PARA QUEN SOSTÉN O CAMPO

Nun contexto de crecente saturación do sistema sanitario público, no que as demoras médicas se converteron nunha constante, os gandeiros, pilar esencial do sector primario, enfróntanse a un desafío dobre: coidar da súa saúde sen poder descoidar nin un só día o seu labor. Consciente desta realidade, Ucoga lanza un seguro de saúde adaptado ás súas necesidades reais e ao seu estilo de vida único.

Nos últimos anos, o sistema de sanidade pública experimentou unha crecente saturación que xerou preocupación entre a cidadanía. As listas de espera, tanto para consultas médicas coma para probas diagnósticas ou intervencións cirúrxicas, alongáronse de forma significativa. Esta realidade afecta a todos, pero especialmente a aqueles profesionais que non poden permitirse pausas prolongadas na súa actividade diaria.

Un dos colectivos máis vulnerables ante esta situación é o dos gandeiros. O seu traballo non admite demoras: os animais deben ser atendidos cada día, chova ou trone, sen entender de fins de semana nin de festivos. Ademais, o ámbito rural no que desenvolven o seu labor dificulta a miúdo o acceso rápido a servizos médicos especializados. A isto engádense os riscos inherentes á súa profesión: lesións musculares, accidentes laborais, longas xornadas físicas e unha exposición constante a factores que poden afectar á saúde a medio e longo prazo.

Ante esta situación, contar cun seguro de saúde privado adaptado ao estilo de vida gandeiro convértese nunha necesidade real, non só para acceder de forma rápida á atención médica, senón tamén para garantir o benestar integral de toda a familia.

En Ucoga, conscientes desta realidade, creamos un produto exclusivo: o seguro de saúde para gandeiros, un plan que non atoparás no mercado xeral e que está deseñado para protexer a quen traballa cada día para alimentar o mundo.

UNHA PÓLIZA ÚNICA PENSADA PARA O SECTOR PRIMARIO

Este seguro, cunha cota mensual especial de só 47,20 euros, foi desenvolto tendo en conta as verdadeiras necesidades do profesional gandeiro. Non se trata dunha póliza xenérica, senón dunha solución específica coas coberturas máis completas e sen letra pequena:

- Sen franquías: non asumirás ningún custo adicional ao utilizar os servizos.
- Sen carencias: gozarás da cobertura médica completa desde o primeiro día.
- Sen copagos: sen pagos por consultas, urxencias ou probas, o que achega previsión e aforro.
- Asistencia médica total, incluíndo accidentes de tráfico e laborais.
- Cobertura dental, a través da rede de centros propios, con franquías reducidas.
- Reembolso de gastos farmacéuticos, ata 200 euros ao ano.
- Cobertura de urxencias médicas no estranxeiro, ideal para viaxes ou desprazamentos puntuais.

- Vantaxes fiscais, con ata 500 euros exentos por cada asegurado.

Este produto está dispoñible tanto para gandeiros como para os seus familiares directos, protexendo a todo o entorno próximo do asegurado e garantindo unha atención de calidade sen listas de espera nin sobrecargas económicas.

SAÚDE GARANTIDA PARA QUEN NON SE DETÉN

O sector gandeiro é a base da nosa seguridade alimentaria, pero poucas veces se recoñece o desgaste físico, mental e económico que implica. Desde Ucoga, levamos anos traballando cúbado con cúbado cos profesionais do campo, entendendo as súas necesidades e deseñando solucións reais para os seus problemas cotiáns.

Este seguro de saúde é unha mostra máis dese compromiso: un produto que coida de quen coida de todos. Nun momento no que a sanidade pública non sempre pode responder coa axilidade que se precisa, contar cunha alternativa accesible, completa e especializada pode marcar unha diferenza fundamental.

EN UCOGA PROTEXEMOS A TÚA SAÚDE COA MESMA DEDICACIÓN COA QUE TI COIDAS DO CAMPO

Queres saber máis?

Se es gandeiro ou gandeira e desexas coñecer máis sobre este seguro exclusivo, invitámoste a visitar a nosa web **www.ucoga.es**, escribirmos a **comercial@ucoga.es** ou chamarnos ao **881 155 155**.

Estaremos encantados de axudarche a encontrar a mellor opción para ti e a túa familia.

